COA VISTA POSTA NO CAMPO

Partido correspondente á última xornada do Torneo AFACO biberón de fútbol – 6 disputado na tarde do xóves no pavillón de Ares entre Numancia e Narón “B”.

Ares, 5 de febreiro de 2015.

NUMANCIA: Mario, Adrián Vázquez, Adrián Vidal, Arturo, Carlos, Daniel, Iker, Jorge, Larraitz, Lucas Espiñeira, Lucas Varela, Manuel, Marcos Feal e Marcos Navas.

Adestrador: Marcos Amor Roel.

2º adestrador: Daniel Cartelle Fernández.

O pavillón de Ares foi o escenario do último partido da temporada 2014-2015 en canto o fútbol – 6 biberón AFACO se refire. Naroneses e numantinos medíronse nun encontro no que os máis pequenos entretiveron durante unha hora a un nutrido grupo de pais, nais, familiares e algúns afeccionados que se deron cita no pavillón para disfrutar da inocencia, a picardía., e as evolucións destes pequenos xenios do balón, e aos que xa se lles comeza a ver maneiras.

Agora todos os equipos biberóns dos distintos clubs pertencentes á AFACO disfrutarán do carnaval, toca poñerse os disfraces e as caretas, e á par preparase para retomar a Liga de Fútbol – 8 nos distintos campos de fútbol da bisbarra, alo pola última semana do mes de febreiro. No caso do Numancia, o regreso os campos será cun derbi entre veciños, Numancia – G. de Mugardos, en Prados Vellos. Polo tanto, desexamos deixar atrás o duro inverno para comezar a adestrar e xogar de novo no campo.

Vemonos pronto.